

## **COBRANZA TRIBUTOS MUNICIPAIS 2024.**

### **PADRÓS FISCAIS DO IVTM, VAOS, TAXA DE LIXO VIVENDA E TAXA VENDA EN AMBULANCIA NA PRAZA DO CONCELLO NAS FEIRAS.**

Por resolución da Alcaldía nº 1221/2024, do 7 de maio, téñense aprobado os Padróns Fiscais correspondentes aos seguintes tributos:

1.-Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos, na súa modalidade de vivenda, do ano 2024: Importe total do padrón: 1.100.902,92 € (18.474 recibos).

2.-Taxa pola reserva de estacionamentos en vía pública para parada de buses, carga e descarga e vados permanentes, do ano 2024. Importe total do padrón: 108.077,00 € (929 recibos).

3.- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, do ano 2024. Importe total do padrón: 1.568.090,34 € (26.111 recibos).

4.- Taxa pola venda en ambulancia na Praza do Concello nas feiras e mercados, do ano 2023: 33.401,09 € (33 recibos).

O total dos dereitos postos ao cobro ascende a 2.810.471,35 €, emitidos en 45.547 recibos, dos cales 1.053.180,77 € (o 37,5 % do importe total ao cobro) se corresponden con 16.112 recibos domiciliados polos seus titulares, e 1.757.290,58 € (o 62,5 % do importe total ao cobro) se corresponden cos 29.435 recibos non domiciliados.

#### **Prazo de pagamento:**

O período voluntario de cobranza dos ditos recibos abranguerá desde o día 20 de maio do 2024 até o día 22 de xullo do 2024, ambos os dous incluídos.

#### **Lugar e formas de pagamento:**

Durante este período, os contribuintes poderán realizar o pagamento das débedas:

- a) Nas oficinas bancarias e nos caixeiros das entidades ABANCA, CAIXABANK, BANCO SANTANDER e BBVA, utilizando o documento que remitirá o Concello por vía postal aos domicilios fiscais declarados polos contribuintes.
- b) A través da banca móbil/electrónica de ditas entidades, co código de barras e a referencia que constan no documento de pagamento que remitirá o Concello por vía postal aos domicilios fiscais declarados polos contribuintes..
- c) Na pasarela de pagos da web [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal), dentro do apartado Centro de Atención Cidadá, apartado “Sede Electrónica”, apartado “Outros servizos”, logo “Pago de tributos on-line”, onde poderá realizar o pagamento co código de barras incluído no recibo mediante tarxeta bancaria.

A partires deste exercicio, os recibos non poderán ser aboados na Recadación Municipal, polo cal se ten extendido o servizo de cobro en entidades bancarias colaboradoras a todas as entidades de maior implantación a nivel autonómico.

Os recibos domiciliados pasaranse ao cobro a partires do día 21 de xuño do 2024. Os contribuíntes poderán cursar orde de domiciliación dos recibos que non teñan aínda domiciliados ata o día 19 de xuño do 2024, presentado a orde correspondente na Recadación Municipal.

**Remisión da información e obtención de cartas de pagamento:**

Os recibos non domiciliados serán remitidos aos domicilios fiscais declarados perante este Concello para o seu pagamento.

A tal efecto, o Concello remitirá por correo postal 16.574 cartas cos recibos de pago ao domicilio fiscal declarado por cada suxeito pasivo. O documento é necesario para se poder dirixir a realizar o pagamento ás Oficinas Bancarias ou a través de medios electrónicos. Os interesados que non o teñan recibido, poderán dirixirse á Recadación Municipal para obter o documento de pagamento, ou ben para solicitar a división das cartas de pagamento agrupado, no seu caso, nas oficinas provisionais sitas en R/Camiño Novo, 7, entreplanta galerías comerciais, en horario de 08:30 a 14:00 horas, de luns a venres (Tlf. 981704278, correo: recadacion@carballo.gal).

Os contribuíntes recibirán, asimismo, unha carta informativa no seu domicilio fiscal na que se lle relacionan os recibos dos que ten emitido orde de domiciliación, a cargar nas contas correntes no seu día facilitadas a partires do día 21 de xuño do 2024, para o que se remitirán 9.478 cartas por correo postal aos domicilios fiscais dos suxeitos pasivos.